

CONVOCATORIA	Nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal "Iniciativas comunitarias 2025-2027" con destino ao Servizo de Cooperación
PRAZA/POSTO	1558 - Técnica/o de proxectos
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	22/01/2026

1. O parágrafo primeiro do art. 7.1 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, indica que o tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando:

- a) Sexa maior de 12 anos
- b) Sexa maior de 14 anos
- c) Sexa maior de 16 anos
- d) Sexa maior de 18 anos

2. Segundo o establecido no artigo 29 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as cantidades destinadas a financiar achegas a plans de pensións ou contratos de seguros terán para todos os efectos a consideración de:

- a) Retribución básica
- b) Retribución complementaria
- c) Retribución diferida
- d) Retribución extraordinaria

3. De acordo co disposto nos artigos 32 e ss. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación á organización provincial, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) Os Vicepresidentes existen en todas as Deputacións
- b) A organización da Deputación correspóndelle ao Presidente

c) A Xunta de Goberno intégrase polo Presidente e un número de Deputados non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, sen necesidade de dar conta ao Pleno

d) Os Vicepresidentes serán libremente designados polo Presidente entre todos os membros do Pleno

4. De acordo co disposto no artigo 35 da Constitución Española, todos os españois teñen o dereito (sinale a resposta incorrecta):

a) Á promoción a través do traballo

b) Á libre elección de profesión ou oficio

c) A unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia

d) O libre exercicio das profesións tituladas

5. En que Capítulo da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, regúlanse os dereitos e obrigas en materia de prevención de riscos laborais?:

a) Capítulo I

b) Capítulo II

c) Capítulo III

d) Capítulo IV

6. Cal dos seguintes é un dereito fundamental recoñecido na Constitución Española de 1978?:

a) Dereito ao ensino básico obrigatorio e gratuíto

b) Dereito á propiedade privada sen restricións

c) Dereito á liberdade de expresión, sempre que non ofenda a terceiros

d) Dereito á asistencia sanitaria só para cidadáns españois

7. En que título da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, regúlanse os dereitos das persoas?:

- a) Título II
- b) Título III
- c) Título IV
- d) Título V

8. Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación á provincia, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) A Provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica autónoma e capacidade propia para o cumprimento dos seus intereses
- b) Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social
- c) Correspóndelle á Provincia, especificamente, fomentar as peculiaridades dos municipios integrados na provincia
- d) O goberno e a administración autónoma da Provincia corresponden, en todo caso, á Deputación

9. Segundo a Instrución Técnica de Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG), no seu apartado de obxectivos e ámbito de aplicación, cal é a finalidade principal desta instrución?:

- a) Regular exclusivamente as concesións administrativas de auga
- b) Definir o réxime económico do dominio público hidráulico
- c) Substituír completamente a normativa estatal en materia de augas
- d) Establecer criterios técnicos para a planificación, deseño e execución de obras hidráulicas en Galicia

10. Segundo a Instrución Técnica de Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG), no seu apartado relativo ao ámbito de aplicación, esta instrución aplícase principalmente a:

- a) Todas as obras hidráulicas realizadas no territorio nacional

- b) Obras hidráulicas promovidas pola Administración autonómica galega e os seus organismos dependentes
- c) Unicamente a obras de saneamento en solo urbano
- d) Obras privadas sen intervención administrativa

11. Segundo o Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo humano, e de acordo co seu artigo 2 (Ámbito de aplicación), a que tipo de augas aplícase este real decreto?:

- a) A todas as augas superficiais, independentemente do seu uso
- b) Ás augas destinadas á rega agrícola
- c) Ás augas de consumo humano, tanto en redes de distribución como en depósitos e cisternas
- d) Ás augas destinadas a usos domésticos non alimentarios, sempre que procedan de redes públicas

12. De acordo co Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo humano, e segundo o establecido no seu artigo 6 (Valores paramétricos), que representan os valores paramétricos da auga de consumo humano?:

- a) Límites de calidade que deben cumprirse para garantir a seguridade da auga de consumo humano
- b) Concentracións de referencia utilizadas para a avaliación do risco sanitario, sen implicar necesariamente incumprimento normativo.
- c) Recomendacións técnicas para o deseño de redes de abastecemento
- d) Limiares de control aplicables unicamente durante episodios de contaminación accidental

13. Segundo a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no apartado de disposicións de carácter xeral, cal é un dos obxectivos fundamentais da lei?:

- a) Determinar a delimitación e planificación das demarcacións hidrográficas interautonómicas

- b) Establecer o réxime económico-financeiro da auga en Galicia ao obxecto de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico
- c) Regular as tarifas eléctricas asociadas á xestión de instalacións hidráulicas
- d) A regulación das augas minerais e termais

14. Segundo a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no apartado do abastecemento de poboacións e o saneamento e depuración de augas residuais, a quen corresponde, con carácter xeral, a prestación dos servizos de abastecemento e saneamento?:

- a) Á Administración Xeral do Estado
- b) Á Xunta de Galicia en todos os casos
- c) Aos municipios, de acordo coa lexislación de réxime local
- d) A empresas privadas sen control administrativo

15. Segundo a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no apartado relativo á política de recuperación dos custos dos servizos, no seu artigo 40, que principio se establece con carácter xeral?:

- a) Que os servizos da auga deben financiarse exclusivamente con fondos da Xunta de Galicia
- b) Que non é necesario recuperar os custos dos servizos relacionados coa auga
- c) Que só se recuperan os custos de investimento, pero non os de explotación
- d) Que os custos dos servizos da auga deben recuperarse tendo en conta o principio de "quen contamina paga"

16. De acordo coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no apartado relativo á planificación hidrolóxica, cal é un dos obxectivos básicos da devandita planificación?:

- a) Incrementar o consumo de auga en todos os usos
- b) Garantir a protección e o uso sostible dos recursos hídricos
- c) Substituír a planificación estatal por plans autonómicos independentes
- d) Regular unicamente o abastecemento urbano

17. Segundo o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aprueba o texto refundido da Ley de Augas, no apartado do dominio público hidráulico do Estado (artigo 2), que bens forman parte do dominio público hidráulico?:

- a) As augas marítimas comprendidas na zona de dominio público marítimo-terrestre
- b) Exclusivamente os ríos navegables
- c) As augas privadas destinadas a rega
- d) As augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas renovables con independencia do tempo de renovación

18. De acordo co Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aprueba o texto refundido da Ley de Augas, nos apartados da administración pública da auga e da planificación hidrolóxica, cal é un dos obxectivos fundamentais da planificación hidrolóxica?:

- a) Substituír as competencias das comunidades autónomas
- b) Aumentar a oferta de auga sen ter en conta a demanda
- c) Lograr o bo estado e a adecuada protección do dominio público hidráulico
- d) Establecer un réxime uniforme de concesións de auga que prevaleza sobre a planificación ambiental e territorial

19. Segundo o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aprueba o texto refundido da Ley de Augas, no apartado da utilización do dominio público hidráulico, que se require con carácter xeral para o uso privativo das augas que forman parte do dominio público hidráulico?:

- a) Unicamente unha comunicación previa á Administración
- b) Un contrato privado co concello
- c) Unha concesión administrativa outorgada polo concello
- d) Unha concesión administrativa outorgada polo organismo de conca

20. De acordo co Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aprueba o texto refundido da Ley de Augas, nos apartados do réxime

económico-financieiro da utilización do dominio público hidráulico e das obras hidráulicas, no seu artigo 111 bis, que finalidade ten o canon ou taxa pola utilización do dominio público hidráulico?:

- a) Penalizar calquera uso da auga, independentemente da súa finalidade
- b) Financiar exclusivamente obras municipais
- c) Contribuír á protección e mellora do dominio público hidráulico en virtude do principio de recuperación de custos tendo en conta proxeccións económica a longo prazo
- d) Contribuír á protección e mellora do dominio público hidráulico en virtude do principio de recuperación de custos tendo en conta proxeccións económica a curto prazo

21. Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, teñen a consideración de monte ou terreo forestal?:

- a) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria
- b) O solo urbano e o solo de núcleo rural arboreado
- c) Os terreos de dominio público, salvo os que integran o dominio público forestal
- d) Ningunha é correcta

22. Sinalar a resposta incorrecta. Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, son demaniais e integran o dominio público forestal?:

- a) Os montes públicos declarados de utilidade pública e incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública, así como os que se inclúan no mesmo
- b) Os montes comunais, pertencentes ás entidades locais, en tanto o seu aproveitamento corresponda ao común dos veciños
- c) Aquel outros montes públicos que, non estando incluídos no Catálogo de montes de utilidade pública, fosen afectados a un uso ou servizo público
- d) Os montes veciñais en man común, en calquera caso

23. Segundo a Resolución da Deputación provincial de Pontevedra pola que se aproban as normas reguladoras do acto de recepción e da intervención

da comprobación material do investimento, que implica unha acta de recepción Favorable con Observacións?:

- a) O investimento é correcto e non é necesario realizar outra recepción
- b) O investimento é correcto, pero é necesario realizar outra recepción para comprobar a emenda dos aspectos observados
- c) O investimento é incorrecto pero non é necesario realizar outra recepción
- d) O investimento é incorrecto e é necesario realizar outra recepción

24. Sinalar a resposta incorrecta. Segundo a Resolución da Deputación provincial de Pontevedra pola que se aproban as normas reguladoras do acto de recepción e da intervención da comprobación material do investimento, son motivos para unha acta Favorable con Observacións?:

- a) Incidencias na solicitude ou estudo da mesma que dificultasen, limitasen ou atrasasen a comprobación material do investimento
- b) Diferenzas de escasa importancia cuantitativa entre o realmente executado e o aprobado
- c) O investimento non foi executado acorde ao contrato
- d) Aspectos a mellorar na documentación que integra o expediente do centro xestor

25. De acordo coa Resolución da Deputación de Pontevedra pola que se aproban as normas reguladoras do acto de recepción e da intervención da comprobación material do investimento, cando no acto de recepción constátase pola Intervención a existencia de unidades, elementos ou aspectos non executados, susceptibles de emenda?:

- a) Expedirase acta de recepción desfavorable
- b) Farase constar na acta as deficiencias apreciadas, as medidas para adoptar e o prazo para executalas
- c) Finalizado o prazo realizarase outro acto de recepción
- d) Todas as respostas son correctas

26. As actuacións relativas ao acto de recepción e á comprobación material do investimento na Deputación de Pontevedra, realízanse de conformidade con que disposición legal?:

- a) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- b) Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- c) Resolución da entidade Provincial reguladora do procedemento de comprobación material do investimento
- d) Todas as respostas son correctas

27. O Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, establece o seu ámbito de aplicación, que tipo de residuos ou actividades están expresamente exceptuados do ámbito de aplicación xeral?:

- a) Todos os residuos xerados en obras de edificación
- b) Os residuos perigosos xerados en obras de demolición
- c) As terras e pedras non contaminadas por substancias perigosas reutilizadas na mesma obra ou noutras
- d) Os residuos xerados en obras de titularidade pública

28. Sinalar a resposta incorrecta. Segundo o Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, o produtor de residuos deberá cumprir coas seguintes obrigacións:

- a) Incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos de construción e demolición
- b) No caso de obras sometidas a licenza urbanística, constituír, cando proceda, a fianza ou garantía financeira equivalente que asegure o cumprimento dos requisitos establecidos na devandita licenza en relación cos residuos de construción e demolición da obra
- c) Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado
- d) Sufragar os correspondentes custos de xestión e a entregar os certificados e demais documentación acreditativa da xestión dos residuos, así como a manter a documentación correspondente a cada ano natural durante os cinco anos seguintes

29. Segundo o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, este non será de aplicación a:

- a) Residuos de industrias extractivas
- b) Restos de madeira procedentes de encofrados
- c) Envases de plástico
- d) Ladrillos cando son considerados inocuos

30. Sinalar a resposta incorrecta. Segundo o Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, este non será de aplicación a:

- a) Os medios de transporte utilizados fóra da empresa ou centro de traballo
- b) Partes dunha empresa ou centro de traballo agrícola ou forestal que estean situados dentro da zona edificada do mesmo
- c) As obras de construción temporais ou móbiles
- d) As industrias de extracción

31. Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o promotor estará obrigado a que na fase de redacción do proxecto se elabore un estudo de seguridade e saúde nos proxectos de obras en que se dean algún dos supostos seguintes:

- a) Sempre que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables
- b) Obras nas que se poida ver afectada a estabilidade, seguridade ou estanqueidade das mesmas
- c) As obras de túneles, galerías, conducións subterráneas e presas
- d) Que o orzamento de execución material incluído no proxecto sexa igual ou superior a 75 millóns de pesetas (450.759,08 €)

32. Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o plan de seguridade e saúde no traballo será elaborado por:

- a) O contratista

- b) O coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto de obra
- c) A dirección facultativa
- d) Ningunha das anteriores

33. De acordo co artigo 9.1 do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, pola súa natureza de instrumento de plan urbanístico, o Plan básico autonómico ten vixencia:

- a) Por un período de 10 anos e será inmediatamente executivo tras a súa entrada en vigor
- b) Por un período de 20 anos e será inmediatamente executivo tras a súa entrada en vigor
- c) Por un período de 30 anos e será inmediatamente executivo tras a súa entrada en vigor
- d) Indefinida e será inmediatamente executivo tras a súa entrada en vigor

34. De acordo co artigo 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será igualmente aplicable esta lei ás seguintes subvencións:

- a) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario
- b) As subvencións previstas na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral
- c) As establecidas en materias cuxa regulación plena ou básica corresponda ao Estado e cuxa xestión sexa competencia total ou parcial doutras Administracións públicas
- d) As subvencións reguladas na Lei Orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de Financiamento dos Partidos Políticos

35. De acordo co artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de:

- a) 10 días
- b) 15 días

c) 20 días

d) 30 días

36. De acordo co artigo 25.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de:

a) 1 mes

b) 2 meses

c) 3 meses

d) 6 meses

37. De acordo co artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a xustificación ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que sexa presentada no prazo improrrogable de:

a) 10 días

b) 15 días

c) 20 días

d) 30 días

38. De acordo co artigo 87.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o perito terceiro poderá esixir que, previamente ao desempeño do seu labor, se faga provisión do importe dos seus honorarios mediante depósito no Banco de España ou no organismo público que determine o órgano concedente, no prazo de:

a) 10 días

b) 15 días

c) 20 días

d) 30 días

39. De acordo coa Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra , do 27 de decembro de 2024 (publicada no BOPPO núm. 250), no seu artigo 30.4, establece que o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de:

- a) 6 meses desde a data do acordo de iniciación
- b) 12 meses desde a data do acordo de iniciación
- c) 18 meses desde a data do acordo de iniciación
- d) 24 meses desde a data do acordo de iniciación

40. De acordo coa Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra , do 27 de decembro de 2024 (publicada no BOPPO núm. 250), no seu artigo 32.2, correspóndelle a competencia para impoñer as sancións:

- a) Á Presidencia da Corporación, sen prexuízo das delegacións que poida efectuar na Xunta de Goberno Provincial, nalgún dous os seus membros ou en calquera outro/a deputado/a
- b) Á Xunta de Goberno Provincial
- c) Ao Pleno da institución provincial
- d) Ao órgano instrutor

RESERVA:

41. Segundo o art. 95 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, é unha falta moi grave:

- a) A adopción de acordos que manifestamente causen prexuízo grave á Administración ou aos cidadáns
- b) A publicación ou utilización indebida da documentación ou información a que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función
- c) A desobediencia aberta ás ordes ou instrucións dun superior, en todo caso
- d) A prevalencia da condición de empregado público para obter un beneficio para si ou para outro

42. Segundo a Instrución Técnica de Obras Hidráulicas de Galicia (ITOHG), no seu apartado introdutorio sobre o carácter da instrución, esta ten consideración de:

- a) Recomendación técnica sen carácter obrigatorio
- b) Norma de obrigado cumprimento para calquera obra hidráulica privada
- c) Documento normativo e técnico de referencia para as obras hidráulicas en Galicia
- d) Manual exclusivamente académico

43. De acordo coa Lei 9/2010, de Augas de Galicia, no apartado da administración hidráulica de Galicia, que organismo exerce as competencias de xestión da auga no ámbito autonómico?

- a) O Ministerio para a Transición Ecolóxica
- b) Os concellos de forma exclusiva
- c) As deputacións provinciais
- d) Augas de Galicia, como organismo dependente da Xunta de Galicia

44. Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, cales destes montes poden ser considerados montes públicos, é dicir, de titularidade pública:

- a) Montes patrimoniais
- b) Montes de varas
- c) Montes veciñais en man común
- d) Montes de fabeo.

45. Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, respecto do libro de incidencias:

- a) No caso de que unha anotación refírase a calquera incumprimento das advertencias ou observacións previamente anotadas no libro de incidencias polas persoas facultadas para iso, deberá remitirse unha copia á autoridade local competente que outorga a licenza

- b) Efectuada unha anotación no libro de incidencias, o coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, cando non sexa necesaria a designación de coordinador, a dirección facultativa, deberán notificala ao contratista afectado e aos representantes dos traballadores deste
- c) O libro de incidencias non poderá manterse na obra, estará en poder do contratista ou, cando non fose necesaria a designación de coordinador por este, en poder do Colexio profesional ao que pertenza o técnico que aprobase o plan de seguridade e saúde
- d) Ningunha das anteriores é correcta

PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UN POSTO DE TÉCNICO/A DE PROXECTOS, CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA PARA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIADO INTERINO SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027", CON DESTINO Ó SERVIZO DE COOPERACIÓN E ENCADRADA NO GRUPO A2-23.

PLANTILLA DE RESPOSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

Nº	Resposta	Nº	Resposta
1	B	21	D
2	C	22	D
3	A	23	A
4	D	24	C
5	C	25	D
6	A	26	D
7	B	27	C
8	B	28	D
9	D	29	A
10	B	30	B
11	C	31	C
12	A	32	A
13	B	33	D
14	C	34	C
15	D	35	A
16	B	36	D
17	D	37	B
18	C	38	A
19	D	39	B
20	C	40	A

Nº	Resposta
41	B (Reserva)
42	C (Reserva)
43	D (Reserva)
44	A (Reserva)
45	B (Reserva)

